

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A ASOCIACIÓN DE AXENCIAS DE VIAJES DE GALICIA (AGAVI) PARA A IMPLEMENTACIÓN DAS MEDIDAS 23 E 25 INCLUÍDAS NO PLAN DE REACTIVACIÓN DOS SECTORES CULTURAL E TURÍSTICO FRONTE AOS EFECTOS DERIVADOS DA COVID-19

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Por unha banda, D. Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura e Turismo, en representación da **Axencia Turismo de Galicia**, en calidade de presidente, segundo se establece na Disposición adicional primeira do Decreto 106/2018, do 4 de outubro (DOG núm. 191, do 5 de outubro), e de conformidade coa atribución do artigo 15.2.c) dos estatutos da Axencia Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro).

E doutra, D. Juan Antonio Rivadulla Fernández, actuando en nome e representación da **Asociación de Axencias de Viajes de Galicia (AGAVI)**, NIF G70063029, en calidade de presidente.

Interven en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas e

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo, impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia, acomete no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.



Segundo.- Que AGAVI é unha asociación sen ánimo de lucro, cuxa finalidade principal é representar, xestionar e defender os intereses profesionais dos seus asociados, atendendo ás súas necesidades de información, formación e asesoramento, e que nace cunha especial vocación de defensa dos intereses específicos das empresas nela encadradas, con independencia da súa denominación. A súas actividades desenvolveranse no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

Terceiro.- Que a crise xerada pola evolución epidemiolóxica do COVID-19 provocou unha parálise total do sector turístico. As estimacións e proxeccións actuais prognostican un impacto económico especialmente intenso nuns ámbitos moi supeditados aos desprazamentos, á confianza dos mercados e cunha marcada estacionalidade.

Nos próximos meses preséntase un escenario de recuperación lento e progresivo, condicionado polas medidas de restrición de mobilidade e concentración de persoas.

En consecuencia, as necesidades e demandas no eido turístico, por mor das medidas de contención do COVID-19, mudaron profundamente.

No que respecta ás axencias de viaxe, estas teñen ademais un problema adicional que son as restricións derivadas da regulación, que implica unha corresponsabilidade financeira sobre os produtos que comercializan. De feito, durante o período de confinamento as axencias de viaxe tiveron unha carga de traballo que se traduciu na cancelación de operacións realizadas e a consecuente devolución dos importes aos seus clientes, o que as situou nunha posición financeira excesivamente esixente. Unicamente a publicación da Real Decreto Lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19, permitía a utilización de bonos nas devolucións, aliviando en parte dita posición financeira.

Neste contexto, o Consello da Xunta aprobou, o pasado día 30 de abril de 2020, o Plan de reactivación dos sectores cultural e turístico fronte aos efectos derivados da COVID-19.



O Plan recolle como medida principal da acción da Axencia Turismo de Galicia neste ano 2020 o programa Galicia, destino Seguro, establecendo a implementación dunha serie de medidas que convertan e difundan a idea de Galicia como un territorio seguro e incentiven a visita segura a Galicia.

No que respecta ás axencias de viaxe, o citado plan inclúe as seguintes medidas:

Medida 23: acordo coa Asociación Galega de Axencias de Viaxes para redirixir paquetes contratados para turismo no exterior ao turismo local en Galicia.

Medida 25: apoio ao financiamento e ao diálogo con entidades financeiras. Debido á política de cancelacións que se debe aplicar por parte das empresas, facilítase o financiamento, a través das entidades financeiras, para a súa devolución. Ante a cancelación de viaxes, facilítanse os cambios sen custe cun bono que permite desfrutar do contratado ata fin de ano.

Cuarto.- Que no citado contexto o obxectivo do convenio é o impulso do turismo, contribuíndo á súa reactivación, e apoiando ao sector das axencias de viaxes, pola grande incidencia que a crise sanitaria implicou na súa actividade, conseguindo que produtos turísticos que se consumían fóra do territorio galego, pódanse reorientar agora cara a produtos turísticos que se consuman integramente na nosa comunidade e a creación de produtos turísticos atractivos (tanto na súa proposta como en fórmulas alternativas de financiamento) para os visitantes e familias con orixe en Galicia e que teñan como destino turístico Galicia.

Por este motivo resulta de interese público para o turismo de Galicia a participación e apoio nas accións obxecto do presente convenio, como medidas encamiñadas á reactivación do sector turístico fronte aos efectos derivados da crise sanitaria provocada pola COVID-19. Concorren así, aos efectos do establecido nos artigos 19.4.c) e 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40.1a) do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, razóns de interese público para o outorgamento da subvención. Así mesmo, dada a especialidade do obxecto do convenio, non procede a realización dunha convocatoria pública ao ser a citada Asociación a única entidade que poden desenvolver o seu obxecto de xeito completo, xa



que é a entidade máis representativa no ámbito da Comunidade autónoma que aglutina ás axencias de viaxe comerciantes polo miúdo.

En virtude do anteriormente exposto, as partes acordan celebrar este convenio que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio

Constitúe o obxecto deste convenio o establecemento das condicións para a colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e AGAVI para o desenvolvemento das medidas 23 e 25 incluídas no Plan de reactivación dos sectores cultural e turístico fronte aos efectos derivados da COVID-19, aprobado polo Consello da Xunta o pasado 30 de abril de 2020, relativas ás axencias de viaxe, coa realización das seguintes accións:

Medida 23:

1. Reorientación dos destinos contratados en axencias de viaxe

Trátase dun incentivo para que as propias axencias de viaxe poidan realizar cambios nos paquetes contratados que cumpran as seguintes características:

- Que o seu destino inicial estivese fóra da Comunidade autónoma de Galicia.
- Que a súa data de realización fose posterior á data de declaración do estado de alarma.
- Que o novo produto turístico comercializado teña o seu destino en Galicia.

Neste caso, terase dereito a unha dotación económica para a axencia de viaxe dunha cantidade que se determinará como o 10% da menor das seguintes contías:

- Importe do paquete contratado orixinalmente (con destino fóra de Galicia)
- Importe do novo paquete contratado (con destino en Galicia)

Os produtos resultantes corresponderán a unha das seguintes categorías:

1. Paquetes turísticos "á carta", segundo as motivacións e gustos concretos dos clientes
2. Paquetes turísticos en colaboración coa Axencia de Turismo apostando por produtos consolidados como:
 - a. Outono gastronómico



- b. Trens turísticos de Galicia
 - c. Roteiros enoturísticos
 - d. Balnearios
 - e. Roteiros guiados
 - f. Programa Elíxe Galicia
 - g. Produtos creados por xeodestinos.
3. Calquera outro produto que necesariamente se articule con aloxamento e/ou oferta complementaria, a condición de que o destino atópease en Galicia

2. Servizo de xestión e coordinación do convenio

Medida 25:

1. **Acción de comunicación e difusión do alcance deste convenio:** realizar accións de difusión e promoción para que as axencias de viaxe e os beneficiarios últimos deste programa (persoas e familias situadas en Galicia) sexan conscientes do financiamento existente no presente convenio.
A comunicación deberá chegar a todas as axencias de viaxe de Galicia, non exclusivamente aos asociados da entidade.
2. **Incentivo pola comercialización de cada servizo:** Crearanse produtos turísticos comercializables que poderán incluírse no alcance do presente convenio e que terá as seguintes características:
 - Permitirá incluír operacións entre 400 e 2.000 €
 - Incentivo de formalización equivalente ao 4% do valor do contrato cun máximo de 60 € por operación.

Segunda .- Orzamento e financiamento

O orzamento estimado de gastos relativos ao obxecto descrito na cláusula anterior ascende a 300.000€ (IVE incluído) que se distribúen do seguinte xeito:

Concepto	Importe total
MEDIDA 23	
Incentivo (10%) dos importes dos paquetes reorientados	134.000 €
Xestión e coordinación do convenio	15.000 €
TOTAL	149.000 €

Concepto	Unidade	Importe unitario	Importe total
MEDIDA 25			
Difusión e comunicación a axencias , beneficiarios			



			21.000 €
Incentivo de formalización da operación media de 40 € por importe	3250	40	130.000 €
TOTAL			151.000 €

Deste orzamento, a Axencia Turismo de Galicia financiará a contía de 300.000€, con cargo á aplicación orzamentaria 11.A2.761A.781.0, 2015 00005 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma Galega para o ano 2020, sen que por AGAVI se obteña lucro ou beneficio coa dita achega.

Non se entenderá incumprida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado previsto na presente cláusula, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio.

Terceira.- Compromisos das partes

1. AGAVI queda obrigada á celebración das referidas actuacións, e a realizar todas as actividades precisas para que as actuacións do convenio de colaboración se desenvolvan correctamente. Comprometéndose a:

- Desenvolver as actuacións recollidas na cláusula primeira deste convenio, e que constitúen o seu obxecto.
- Incluír en toda a documentación e soportes específicos das accións obxecto do presente convenio que se trata dunha actuación con financiamento da Xunta de Galicia, polo que deberá incluír o logo da Xunta de Galicia sempre debendo contar coa conformidade da Axencia Turismo de Galicia con anterioridade a realizar calquera publicación.

Igualmente, deberá incluírse, nas súas accións promocionais, a marca Xacobeo 2021, de acordo co manual de identidade visual, aprobado polo Decreto 167/2018, do 29 de novembro, polo que se regula a utilización da marca Xacobeo 2021 (DOG núm. 1, do 2 de xaneiro de 2019).



- Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de e control do destino do investimento.
- Comunicar á Axencia Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.
- Presentar, antes da sinatura deste convenio, certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 10 e 13 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.
- A comprobar que as empresas beneficiarias cumpren os requisitos de mínimos nos termos establecidos no Regulamento (UE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis, (DOUE L 352/1 do 24.12.2013).
- Subministrar á Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei.”

2. A Axencia Turismo de Galicia comprométese a colaborar no financiamento do custe das actuacións previstas a través da concesión dunha subvención polo importe máximo establecido na cláusula segunda.



Cuarta.- Compatibilidade.

De acordo co disposto no artigo 40.1, letra d) do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a achega económica prevista no presente convenio será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

En ningún caso o importe das subvencións as que se refire o parágrafo anterior poderá superar, no seu conxunto, o custe da actividade subvencionada, ao abeiro do disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Quinta.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as actuacións subvencionadas que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha directa nin subsidiaria á Axencia Turismo de Galicia. AGAVI será a única responsable dos custos salariais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social por todos os conceptos.

Sexta.- Xustificación e pagamento

1. A xustificación dos fondos efectuarase segundo a modalidade de conta xustificativa con entrega de xustificantes de gasto, de acordo co previsto nos artigos 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño que a desenvolve e conterà con carácter xeral coa seguinte documentación:

- Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Memoria económica xustificativa do custe das actividades realizadas, que contará:



- a) Relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pagamento.
- b) Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior e a documentación acreditativa do pago.
- c) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos custes xerais e/ou indirectos incorporados na relación á que se fai referencia na letra a).
- d) Unha relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
- e) Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia, deba solicitar o beneficiario.
- f) No seu caso, a carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos intereses derivados de estes.
- g) Deberá indicarse un número de conta para o ingreso dos fondos e xuntar unha declaración responsable da veracidade dos datos relativos á dita conta.
- h) Así mesmo, deberá remitirse o detalle da documentación e soportes publicitarios nos que consten as obrigas de publicidade establecidas no presente convenio.

Por outro lado, a entidade beneficiaria deberá acreditar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

A documentación correspondente á xustificación presentarse de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).



2. A cantidade máxima que se obriga a aportar a Axencia reducirase na mesma proporción que represente a cantidade non xustificada respecto do orzamento total.

A comunicación relativa á obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención, deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

Cando as actuacións obxecto do convenio fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou doutras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, de conformidade co establecido no artigo 28.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas, a entidade beneficiaria deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia.

3. Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia Turismo de Galicia, expedirá certificación acreditativa do cumprimento dos fins obxecto do convenio e tramitará o seu pagamento.

Para estes efectos, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do referido prazo de xustificación.

4. Ao abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos nos que tivese incorrido a entidade beneficiaria, como consecuencia da realización de actuacións acordes co obxecto do convenio e que se **teñan efectuado desde o 15 de marzo de 2020.**

5. Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

6. A Axencia Turismo de Galicia resérvase o dereito a solicitar toda a documentación que considere precisa en relación coa xustificación do convenio.



7. O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención será dende a formalización do convenio ata o **30 de novembro de 2020**.

8. O importe correspondente ao IVE só poderá ser imputado ao convenio na contía que non sexa recuperada ou compensada pola entidade beneficiaria, o cal deberá ser acreditado por esta coa xustificación do convenio.

Sétima.- Pagamentos anticipados

Poderanse realizar pagamentos anticipados, que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións obxecto deste convenio por un importe máximo do 100% da subvención concedida, previa autorización do Consello da Xunta, e sen que se supere a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario, de conformidade co disposto no artigo 63.3 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

De conformidade co disposto no citado artigo 67.4 do citado Regulamento, solicitarase ao Consello da Xunta a exención da obriga de constituír garantía.

Oitava.- Subcontratación.

Poderán ser obxecto de subcontratación, total ou parcial, as actividades subvencionadas a través deste convenio, tendo en conta o disposto nesta cláusula e de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En todo caso quedan fora da subcontratación aqueles gastos nos que teña que incorrer a entidade beneficiaria para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

A necesidade da subcontratación estará debidamente motivada pola entidade beneficiaria e, en ningún caso, suporá un aumento do custo da actividade subvencionada.

Os subcontratistas quedarán obrigados soamente ante a entidade beneficiaria, que asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. AGAVI será a responsable de que na execución da actividade subvencionada concertada con terceiros se



respecten os límites establecidos neste convenio en canto á natureza e contía dos gastos subvencionables e esixiranlles ás/aos subcontratistas os documentos acreditativos dos pagamentos correspondentes.

Os/as subcontratistas están obrigados/as a facilitarlles aos organismos de auditoría e control toda a información necesaria relativa ás accións subcontratadas.

En ningún caso poderá concertar o beneficiario a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:

- a) Persoas ou entidades incursas nalgunha das prohibicións do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- b) Persoas ou entidades que percibisen outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.
- c) Intermediarios ou asesores nos que os pagamentos se definan como unha porcentaxe de custo total da operación, agás que o dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou dos servizos prestados.
- d) Persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, agás que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado e que se obteña a previa autorización do órgano concedente nos termos que se fixen nestas bases reguladoras.

Novena.- Réxime de minimis

Estas achegas acóllense ao réxime de mínimos nos termos establecidos no Regulamento (UE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis, (DOUE L 352/1 do 24.12.2013).

A estes efectos AGAVI solicitará ás axencias de viaxes destinatarias das accións establecidas no obxecto do presente convenio unha declaración sobre as axudas minimis recibidas, que remitirá a



Axencia Turismo de Galicia coa documentación xustificativa. A Axencia Turismo de Galicia procederá a darlle publicidade a través da súa publicación na BDNS.

Ao estar este réxime de axudas suxeito ao Regulamento (UE) 1407/2013 relativo ás axudas de minimis, deberase garantir que, no caso de recibir as persoas beneficiarias outras axudas baixo este réxime de minimis, non se supera o límite de 200.000€ nun período de tres exercicios fiscais. Este límite aplicarase independentemente da forma da axuda de minimis ou do obxectivo perseguido. O período determinarase tomando como referencia os dous exercicios fiscais anteriores e o exercicio fiscal en curso, de acordo co establecido no artigo 2 do citado regulamento.

Décima.- Comisión de seguimento

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión paritaria que estará integrada dous representantes por cada unha das entidades asinantes, ostentando a presidencia un dos representantes da Axencia Turismo de Galicia.

A Comisión terá as seguintes funcións:

- a) Facer o seguimento e control do desenvolvemento do convenio.
- b) Propoñer a interpretación e resolución das dúbidas que se poidan suscitar na aplicación do convenio.

Está Comisión actuará segundo o previsto no Capítulo II do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida serán resoltas pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia.

Décimo primeira.- Modificacións e resolución do convenio

I. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación das previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.



Calquera modificación do presente convenio deberá acordarse de xeito expreso e por escrito das partes asinantes e de acordo coa normativa vixente.

Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

II. Serán causas de resolución do presente convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.
- O transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.
- O acordo unánime dos asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

Décima segunda.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que os exclúe expresamente o artigo 6.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; o Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e polas



demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

As controversias derivadas da aplicación ou interpretación do presente convenio serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia, cuxas resolucións poñen fin a vía administrativa. Será competente a xurisdición contencioso-administrativa para resolver na vía xurisdiccional as citadas controversias.

Décimo terceira.- Publicidade e rexistro do convenio

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS en diante) comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.

Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios.

Asemade, procederase á inscrición do convenio no Rexistro Público de Subvencións conforme ao establecido no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

Décimo cuarta.- Autorización e consentimento para que se publiquen os datos persoais e demais especificacións que figuran no convenio

Coa sinatura do presente convenio as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal contidos no convenio.

Décimo quinta.- Protección de datos persoais

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de



seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/179 (UE) Xeral de Protección de datos (en diante, RXPd), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en diante, LOPDGDD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPd.

Décimo sexta.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo sétima.- Vixencia

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura, terá vixencia ata o **31 de decembro de 2020**.



E, en proba de conformidade, e previa á súa lectura, ambas as dúas partes asinan o presente convenio.

Pola Axencia Turismo de Galicia

Por AGAVI

O presidente

O presidente

Román Rodríguez González

.Juan Antonio Rivadulla Fernández

